



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan Manuel Fajardo Recouso, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García e Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno, sobre o bloqueo a investigación internacional dos crimes de lesa humanidade do franquismo.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de abril do 2010, 79 anos após da primavera republicana, interpúxose unha querela perante os tribunais da República Arxentina ao obxecto de investigar os crimes da ditadura franquista, ao abeiro da lexislación internacional das Nacións Unidas encol da Xustiza Universal. Achegamos con esta iniciativa un requirimento de xustiza para aqueles e aquelas que protagonizaron a mellor parte da nosa historia, a da dignidade, a loita e o sacrificio para o ben común cando Atila ditaba unha “longa noite de pedra”.

Os últimos informes da sección española de Amnistía Internacional son concluíntes ao respecto da impiedade que preside os crimes do franquismo, preto de corenta anos da morte do ditador Francisco Franco, e aos de 35 anos de terse aprobado a Constitución. Nin xustiza, nin verdade, nin reparación: impiedade é a análise crítica que elabora Amnistía das cunetas e soutos do país, inzados aínda de corpos, de crimes sen clarexar e cadáveres anónimos.

Os autos do xuíz Baltasar Garzón (no xulgado central de instrución número 5, dilixencias previas procedemento abreviado 399/2006 V e sumario 5372008 E) deixaron espidos os límites do réxime da II restauración borbónica: angostos límites nos que non colle unha conciencia democrática os que definidos pola Audiencia Nacional (ese tribunal herdado como xurisdición de excepción do tempo gris, de chumbo e paus da ditadura) exclúen das competencias a investigación das mortes criminais causadas a máis de cen mil cidadáns e cidadás (no devandito auto a cifra dos desaparecidos acada a cifra de 114.266 persoas), cuxo delito foi defender a legalidade democrática republicana.

No 2013, nas vésperas da celebración da Constitución, o Estado español declarou no Comité de Desaparicións Forzadas das Nacións Unidas a súa determinación de non pór fin a impunidade deses crimes fascistas mediante a abrogación da lei de amnistía do ano 1977. O réxime denega de facto o convenio do 2010 asinado polo Estado. Faino para non renunciar as heranzas indesexables da transición. Faino cunha lei 46/1977 que extinguíu as responsabilidades penais dos actos de intencionalidade política, pero que non o pode facer sobre aqueles que son pola súa natureza imprescritibles, os crimes contra a humanidade. Faino quizabes porque a aquel fascismo hoxe en día dálle relevo outro fascismo social que sostén unha guerra social contra os traballadores e traballadoras, contra as loitas pola igualdade entre mulleres e homes, contra un concepto de cidadanía inclusiva que entende que non hai xustiza cando se negan as condicións materiais de vida a sectores crecentes da nosa sociedade.

Familiares de vítimas do franquismo, esa modalidade especificamente española de fascismo do que non deixa de sentir nostalxia unha fracción dese partido que administra as ordes da Troika e que se nega a condenar o golpe de Estado, a guerra de agresión contra a República e a ditadura subseguinte; familiares desas vítimas tiveron que recorrer á xustiza arxentina para tentar clarexar os crimes da ditadura, porque non atoparon amparo e xustiza neste Estado.

A xustiza arxentina ditou varias ordes de extradición sobre coñecidos torturadores da ditadura. Ordes que aínda non foron executadas neste Estado. Cada día que transcorre sen atendela a podremia moral deste réxime infecta con algo máis de impunidade a un país onde o rei foi investido logo de xurar os principios fundamentais do movemento, a igrexa aínda non renegou da cruzada coa que lexitimou a violencia fascista e gañou o paraíso nacionalcatólico, e o capital mantén vencillos de familia e intereses cos negocios feitos noutrora. Trono, altar e capital como hidra de Lerna que devora os dereitos económicos, sociais e culturais que gañamos na loita contra esa ditadura.

A transición e a lei de Amnistía supuxeron, na práctica, unha lei de punto final, unha lei que a causa aberta en Arxentina pretende derrubar. A Fiscalía oponse xa á detención dos ex policías reclamados por Arxentina ao considerar que os presuntos delitos que se lles atribúen están prescritos e arquivados pola lei de Amnistía de 1977. O Estado volve pasar por riba da lexislación internacional por crimes contra a humanidade mentres, pola contra, o país austral ordena abrir todos os seus consulados para continuar recollendo denuncias contra o franquismo. Ao tempo, a xuíza arxentina agarda resultados á súa petición de busca e captura para declarar dos ex policías Jesús Muñecas Aguilar, Celso Galván Abascal, José Ignacio Giralte e Juan Antonio González Pacheco, Billy El Niño. A resposta do Goberno é, polo momento, silencio, un silencio que este Parlamento e a Xunta non podemos permitir.

Alternativa Galega de Esquerda acredita no valor que ten para a nosa sociedade que dende todos os ámbitos institucionais se achegue unha posición inequívoca de apoio a unha querela que pretende verdade, xustiza e reparación, alicerces necesarios para construír unha sociedade democrática. Sociedade que para selo terá que facer verdade o verso de Lorenzo Varela, en “Lonxe”, cando agarda “o día en que vos poda levar á sepultura/ unha cesta de pombas e mazás”.

En coherencia coa condena formal ao Franquismo realizada por esta cámara co apoio de tódolos grupos, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

Primeiro.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que declare o seu respecto ao dereito internacional, o seu recoñecemento ao recollido no Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional, e a súa oposición a que a lei de amnistía de 1977 siga a utilizarse polo Estado español para bloquear a investigación dos imprescritibles crimes de lesa humanidade cometidos pola ditadura franquista.

Segundo.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que exprese o seu apoio á querela presentada na República Arxentina por familiares de vítimas do franquismo e demande do Goberno central a máxima celeridade e dilixencia para cumprimentar a demanda de extradición formulada pola xustiza arxentina respecto dos coñecidos torturadores da ditadura.

Terceiro.- O Parlamento de Galicia reclama da Xunta de Galicia o desenvolvemento das actuacións políticas axeitadas, co seu correlato orzamentario, para desenvolver un programa de actuacións en materia de recuperación da memoria histórica, en particular a aprobación dunha lei que recoñeza e repare ás vítimas galegas da ditadura franquista.

Cuarto.- O Parlamento de Galicia acorda demandar do Goberno central un impulso, coa súa correspondente dotación orzamentaria, ás actividades vencelladas coa recuperación da memoria histórica.

Quinto.- O Parlamento de Galicia acorda comunicar este acordo á Rede Cidadá de Apoio á Querela Arxentina contra os crimes do franquismo, á Xunta, ao Congreso dos Deputados e ó Goberno central.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2016.



Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 23/05/2016 13:17:37

Ramón Vázquez Díaz na data 23/05/2016 13:17:46

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 23/05/2016 13:18:01

Eva Solla Fernández na data 23/05/2016 13:18:10

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 23/05/2016 13:18:21

Anton Sánchez García na data 23/05/2016 13:18:27